

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**4023** Orde APM/320/2017, do 11 de abril, pola que se modifica a Orde AAA/1424/2015, do 14 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.

A loita fronte aos diferentes serotipos do virus da lingua azul que foron detectados en España levouse a cabo mediante un programa de vixilancia, un programa de vacinación e o control dos movementos dos animais sensibles á enfermidade. A adaptación dos programas de loita á evolución epidemiolóxica da enfermidade realizouse mediante sucesivas ordes ministeriais; a última delas foi a Orde AAA/1424/2015, do 14 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul, modificada en sucesivas ocasións co fin de ampliar as zonas de restrición para os serotipos 1 e 4, incluír a zona de vacinación fronte ao serotipo 8 e adaptar as condicións dos movementos de animais susceptibles como resposta á evolución epidemiolóxica da enfermidade durante este período.

A vacinación demostrou ser a ferramenta máis eficaz para o control da enfermidade, ben que ao se tratar dunha enfermidade vectorial, para lograr o dito obxectivo cómpre establecer unha estratexia común rexional de vacinación, polo que se considera conveniente modificar a estratexia de vacinación preventiva fronte ao serotipo 8 do virus da lingua azul na franxa fronteiriza española, establecer a voluntariedade na vacinación fronte a este, todo isto sen prexuízo de que as autoridades competentes poidan determinar a obrigatoriedade da dita vacinación naqueles territorios en que, con base na situación epidemiolóxica, o consideren necesario.

Esta vacinación en zona libre, da cal xa foi debidamente informada a Comisión Europea, está prevista pola Directiva 2012/5/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2012, que modifica a Directiva 2000/75/CE do Consello, no que atinxe á vacinación contra a febre catarral ovina, incorporada ao noso ordenamento mediante o Real decreto 1001/2012, do 29 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul, para permitir así o uso de vacinas inactivadas fóra das zonas suxeitas a restricións dos movementos de animais.

Por outro lado, considérase necesario introducir a vacinación obrigatoria en caso de se detectar circulación do virus en España, con base nos artigos 7 e 11.2 do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, e co fin de limitar a súa diseminación ao resto do territorio nacional, que permita manter zonas libres da enfermidade.

En consecuencia, procede modificar a Orde AAA/1424/2015, do 14 de xullo, co fin de modificar as condicións da vacinación fronte ao serotipo 8.

No procedemento de elaboración desta disposición foron consultados as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, ao abeiro do establecido no artigo 8 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e na disposición derradeira segunda do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde AAA/1424/2015, do 14 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.*

A Orde AAA/1424/2015, do 14 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul, queda modificada como segue:

Un. A letra a) do número 1 do artigo 4 substitúese pola seguinte:

«a) Os animais de especie ovina ou bovina procedentes das respectivas zonas de vacinación previstos nos números 1 e 2 do artigo 6, así como aqueles que procedan dunha zona restrinxida establecida debido á notificación dun foco de virus de lingua azul en territorio nacional, caso en que, fóra da estación libre de vectores, só se autorizará o movemento se se trata de animais:

- 1.º Procedentes de explotacións vacinadas, e
- 2.º Vacinados fronte aos respectivos serotipos ou animais menores de 4 meses procedentes de nais vacinadas, e
- 3.º Transportados en vehículos que deberán ser desinsectados antes da carga.

Malia o anterior, os animais de especies sensibles á lingua azul procedentes de explotacións situadas nas zonas restrinxidas en territorio nacional establecidas tras a notificación dun foco de lingua azul nun país fronteirizo con España poderanse mover para vida ou sacrificio directamente cara a zona libre ou cara ao territorio doutros Estados membros coas condicións que establece para o efecto o Regulamento (CE) n.º 1266/2007 da Comisión, do 26 de outubro.»

Dous. Engádese un número 3 *bis* no artigo 6, coa seguinte redacción:

«3 bis. A vacinación fronte ao virus da lingua azul dos animais das especies ovina e bovina maiores de 3 meses de idade será obrigatoria no caso de que os ditos animais estean nunha zona restrinxida establecida debido á circulación do virus en territorio nacional.»

Tres. O número 5 do artigo 6 substitúese polo seguinte:

«5. A vacinación fronte ao serotipo 8 do virus da lingua azul será voluntaria naqueles animais maiores de tres meses pertencentes ás especies ovina e bovina que,

- a) Estean na zona de vacinación preventiva establecida no anexo III ou
- b) Vaian ser obxecto de movemento a zona restrinxida por serotipo 8 en Francia para súa lida ou movementos temporais para participar en feiras, mercados ou exposicións neste país, e estea previsto o seu retorno á orixe. Neste caso a vacinación deberá ser autorizada pola autoridade competente da comunidade autónoma de orixe.

Malia o establecido na letra a), as comunidades autónomas que así o dispoñan poderán establecer que a vacinación preventiva no seu territorio se realice de forma obrigatoria.»

Catro. Engádese unha letra d) no anexo III, co seguinte contido:

«d) A Comunidade Autónoma do País Vasco.»

Disposición derradeira primeira. *Medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.*

No prazo de dous anos, avaliada a situación epidemiolóxica da enfermidade da lingua azul, a eficacia da loita fronte aos diferentes serotipos do virus que foron detectados en España e o control dos movementos dos animais sensibles, a persoa titular do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente aprobará unha orde que estableza as medidas específicas de protección en relación coa citada enfermidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 11 de abril de 2017.–A ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, Isabel García Tejerina.